



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/002142

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Creación da Ordenanza Xeral de Subvencións)

A lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas establece no art. 132 a obrigatoriedade de establecer anualmente un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que se prevexan aprobar para o ano seguinte.

Unha vez aprobado o Plan anual normativo de 2024 así como a súa modificación por Resolución de alcaldía, publicouse no Portal de Transparencia do Concello de Sada, dando publicidade así ás necesidades postas de manifesto ben por esta alcaldía ben polas diferentes concellarías ou departamentos para a nova regulación de materias competencia do Concello de Sada ou para a realización de modificacións nalgunhas existentes, ben dunha forma puntual ou ben dunha forma substancial que se determinará cando se proceda coa tramitación de cada expediente.

Considerando que en relación á nova regulación por regulamento denominada ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE SADA; elaborouse unha memoria pola Alcaldía cumprimentando os aspectos sinalados no art. 133.1 da lei 39/2015, polo que é preciso substanciar unha consulta pública, a través do portal web do Concello para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma. Acerca da mesma, en función das competencias atribuídas no art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir un prazo de vinte días naturais de consulta pública a través do portal web do Concello de Sada para recadar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca da memoria de alcaldía que comprende os seguintes aspectos en relación coa ORDENANZA DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE SADA que se vai redactar:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Segundo.- Publicar a presente resolución e a memoria na web e no portal de transparencia, co texto que se reproduce no anexo, computándose o prazo dende o día da publicación para realizar as aportacións que se consideren oportunas a través do rexistro de entrada do Concello, ben presencialmente, ben telemáticamente ou a través de calquera dos medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015.

ANEXO MEMORIA XUSTIFICATIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE SADA

Unha parte importante da actividade financeira do Concello de Sada desenvólvese a través das subvencións, coa finalidade de responder a diferentes demandas sociais e apoiar a actividade do tecido asociativo e daquelas entidades nas que se organiza a sociedade civil para canalizar a súa participación na vida pública. Esta actividade de fomento contribúe ao desenvolvemento social, educativo, deportivo, cultural e veciñal do termo municipal.

O Concello dota os seus orzamentos anuais para cumprir con esta finalidade e organiza as diferentes liñas de



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

subvencións nun plan estratéxico de subvencións, como instrumento de planificación que permite xestionar correctamente a consecución dos obxectivos previstos. Os últimos plans estratéxicos de subvencións municipais presentan liñas de subvencións en 6 áreas de competencia, que afectan á promoción e o fomento da actividade económica e o emprego, a acción social, a actividade cultural e o lecer, a actividade física e o deporte, a educación e a protección civil.

O artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, sinala a necesidade de aprobar as bases reguladoras das convocatorias no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

O Concello de Sada carece actualmente dunha ordenanza xeral de subvencións e as bases de execución do orzamento municipal non desenvolven suficientemente o marco regulador da acción de fomento nin establecen as bases reguladoras xerais.

Por este motivo, o Concello ten a vontade de aprobar unha ordenanza xeral que regule as bases xerais de concesión das subvencións municipais e permita homoxeneizar as distintas liñas de axudas recollidas no Plan Estratéxico de Subvencións, nas súas sucesivas actualizacións.

Consonte establece o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, efectuarase unha consulta pública a través do portal de transparencia da web municipal (www.sada.gal), solicitando a participación da cidadanía no procedemento de elaboración da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Sada, para recadar a opinión das persoas e organizacións municipais potencialmente afectadas por esta futura norma, que poderán presentalas a través do Rexistro municipal de conformidade cos artigos 14 a 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A consulta refírese aos seguintes aspectos:

PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA:

A ordenanza deberá solucionar problemas de seguridade xurídica na xestión das subvencións municipais, xa que deberá cubrir posibles lagoas normativas e de interpretación, así como unificar criterios e procedementos para outorgar as subvencións municipais.

Deberá solucionar o problema da insuficiente regulación que ofrecen as actuais bases de execución do orzamento municipal. A ordenanza concretará o marco xurídico de concesión de subvencións e as normas xerais reguladoras da concesión de subvencións por parte do Concello de Sada.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

A ordenanza deberá corrixir os problemas de falta de claridade. Aportará un instrumento clarificador, coherente e que permita coordinar a labor das diferentes unidades administrativas na xestión de axudas públicas. Ademais, a ordenanza permitirá que as persoas e entidades potencialmente interesadas polas liñas de subvencións coñezan con tempo suficiente o marco regulador e os requisitos xerais que deben cumprir para ser beneficiarias dalgunha subvención municipal.

Con esta ordenanza o Concello de Sada poderá desenvolver regulamentariamente a normativa establecida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN:

A proposta é necesaria para poder cumprir adecuadamente coa lexislación vixente en materia de subvencións públicas. Como se indica no apartado anterior, as bases de execución do orzamento municipal non desenvolven de forma suficiente ás bases reguladoras xerais, polo que se ve comprometida a convocatoria das diferentes liñas de subvención programadas para o ano 2024.

Polo tanto é necesario e oportuno que o Concello se dote dunha norma regulamentaria que permita dispoñer dunha maior seguridade xurídica para aprobar futuras convocatorias, actos de concesión e formalizar futuros convenios, así como para xestionar correctamente a xustificación e control das subvencións pagadas.

OBXECTIVOS DA NORMA:

-Establecer as bases xerais reguladoras da concesión de subvencións do Concello de Sada, conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia.

-Dispoñer dun marco regulatorio do procedemento de concesión de subvencións que mellore a seguridade xurídica e a eficacia normativa.

-Substituír e mellorar a regulación actual de convocatoria e concesión de subvencións, baseado nas bases de execución do orzamento municipal.

-Facilitar os procedementos de tramitación e xestión das subvencións municipais, para mellorar o servizo público e facilitar e simplificar, na medida do posible, a xestión das subvencións.

-Incrementar o coñecemento público dos procedementos de subvencións municipais e aumentar a concorrencia de posibles persoas e entidades interesadas nas distintas convocatorias.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

-Aumentar a transparencia e eficacia nos procedementos de xestión das subvencións municipais.

POSIBLES SOLUCIÓN ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS:

Para aprobar as bases reguladoras xerais das subvencións das entidades locais, as opcións alternativas que establece a LXS no seu artigo 17 son:

- Aprobación no marco das bases de execución do orzamento.
- Aprobación mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades.
- Aprobación a través dunha ordenanza municipal xeral de subvencións.

A primeira opción implicaría continuar co formato de xestión actual, que é o que se pretende mellorar con esta ordenanza.

A segunda opción implicaría propoñer ao Pleno cada unha das bases reguladoras de cada convocatoria para a súa aprobación, o cal supón unha solución menos eficiente. De todos xeitos, poderá recorrerse a esta opción no caso de que se propoñan aprobar novas liñas ou programas de subvención que poidan ter un carácter específico e puntual.

A terceira opción é a que se presenta a consulta e considérase a máis axeitada, xa que a ordenanza aportará unha maior seguridade xurídica e outorgará un carácter normativo aos procedementos de xestión de subvencións que teñen vocación de permanencia

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, M^a del Carmen Seoane Bouzas.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

CVD: pNNMn4nkRXptLQGcF6/Ev
Verificable na Sede Electrónica do Organismo.